

Solicitámoslle a Educación un protocolo sobre delitos sexuais no ámbito educativo

Despois de coñecer a fondo o contido do protocolo elaborado no Partido Xudicial de Santiago, e que contou coa participación de varias administracións, non así da Consellaría, o sindicato ínsta a tomalo como referencia para a súa aplicación nos centros. Así mesmo, tamén aprema o departamento dirixido por Román Rodríguez a que publique a Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo que ten elaborada desde hai un ano e que non se entende porque segue gardada nun caixón.



Na última edición das Xornadas das Mulleres organizadas pola CIG-Ensino e a AS-PG, a maxistrada Ana López-Suevos deu a coñecer polo miúdo o contido do Protocolo sobre delitos sexuais do Partido Xudicial de Santiago. Na súa elaboración participaron representantes de organismos como a Secretaría Xeral de Igualdade, Menores, Política Social, IMELGA, SERGAS ou a Fiscalía, mais non a Consellaría de Educación malia o seu papel fundamental na protección e formación en valores do alumnado.

A CIG-Ensino e o profesorado asistente ás Xornadas testemuñaron que o profesorado se atopa moitas veces ante situacións de posibles delitos de carácter sexual ou de violencia machista para as que non conta con formación axeitada nin cunha guía cos pasos a dar para non incorrer en irregularidades legais nin para evitar acrecentar a vitimización ou danos engadidos de quen está a padecer o delito. É sabido que o traballo do profesorado sobarda o estritamente académico e con frecuencia a ou o docente é a persoa de confianza a quen recorre o alumnado en busca

de axuda cando sofre delitos sexuais. Desde a titoría, desde o departamento de orientación ou desde a propia aula, o profesorado ten que afrontar estas delicadas situacións en numerosas ocasións como demostran os feitos; recentemente docentes dun instituto próximo a Santiago foron citados a xuízo como testemuñas por un delito sexual sufrido por unha alumna.

No sindicato recíbense consultas periodicamente nas que se pide orientación ante a sospeita ou a confirmación de casos deste tipo e de aí que se decidira abordar este tema nas Xornadas das

Mulleres e que agora o seu secretario nacional, Suso Bermello, veña de solicitarlle por escrito ao conselleiro Román Rodríguez que ractifique o protocolo do Partido Xudicial de Santiago. Nel faise alusión aos centros de ensino aínda que non é o principal obxecto de análise pero é perfectamente válido o seu contido ao respecto: “Os servizos sociais, os centros educativos, as residencias, centros e asociacións nas que se atopen escolarizados, ingresados ou desenvolvendo tarefas ocupacionais persoas menores ou con discapacidade comunicarán á Fiscalía de Área de Santiago de Compostela calquera información que reciban sobre unha presunta agresión”, “os centros educativos (...) dentro do ámbito das súas posibilidades e competencias poderán recadar o máximo de información posíbel sobre a sospeita delitativa, podendo a tal fin tomar testificais referenciais, levar rexistros de conduta nos que se anoten as mudanzas de comportamento da persoa menor ou con discapacidade que poidan ser suxestivas de estar sendo vítima dun delito sexual, conservarán os debuxos, anotacións ou escritos que espontaneamente a persoa afectada confeccione, e en xeral todas aquelas que axuden ao esclarecemento do presunto delito pero evitando pedirle



expresamente un relato. No caso de que se ofrezca espontaneamente dito relato realizarase un rexistro escrito do xeito máis literal ao expresado pola vítima, e en ningún caso se lle solicitará que o reitere ante terceiras persoas”.

Malia que este texto a nivel xeral está máis dirixido a axentes sociais, xurídicos e sanitarios, no escrito remitido ao conselleiro pídeselle que a Consellaría lle dea o visto bo ao documento para que se aprobe e se poida aplicar de inmediato.

Así mesmo, tamén se aprema a que se publique a Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo que, por mandato do

da Xunta ten elaborada desde decembro de 2019. Desde a CIG-Ensino preguntámonos a que está agardando a Consellaría violencia de xénero no ámbito educativo que, por mandato do Parlamento, o departamento da Xunta ten elaborada desde para facer público un documento tan necesario e pertinente para toda a comunidade educativa. Acaso está agardando a posibilidade, cercenada pola pandemia, de facer un acto de publicidade política con este tema? Se quere romper coa pasividade e desidia que amosa diante dun asunto de extrema gravidade coma este, debe actuar xa elaborando e publicando guías de referencia para que o profesorado poida colaborar na erradicación destes delitos da sociedade.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal